



Sec

jen

# REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ -28/08/2009

Nesta reunión foron tratados os seguintes temas:

**Gripe A.-** Coa Presenza dos responsables do Servizo Médico e de Prevención, foi presentado o Protocolo Base de actuación onde se contemplan as fases para afrontar coas máximas garantías preventivas esta Pandemia no Centro.

Con independencia das preguntas e comentarios que se realizaron, como ter en conta ás persoas con maiores factores de risco, así como os lugares de traballo, o documento, queda aberto para que os Delegados de Prevención poidan seguir realizando aportacións no seo do Comité de Seguridade e Saúde.

Deste tema a Dirección fará entrega dunha nota informativa.

**Balance 2º Trimestre.-** Facilitánsenos os datos correspondentes ó 2º Trimestre da evolución tanto do Grupo como da propia Planta de Vigo, onde resaltan que a pequena recuperación con respecto o primeiro trimestre, obedece sobre todo, as axudas directas que varios países veñen destinando para a compra de coches.

**Absentismo.-** sinalan que estamos no dato do 6'5%. As enfermidades profesionais incrementáronse en 18, o que suman 96 casos de persoal en activo.

**Produción.-** Varias son as novidades con diferente lectura:

.- Por unha banda o desprazamento de 8000 unidades do B-9 para a Planta de Mungalde.

.- Por outro lado o incremento de 18.000 coches ata final de ano.

.- O Xsara Picasso mantén a súa fabricación deica Outubro do 2010, o que representará unhas 10.000 unidades.

A Dirección a respecto da posible saturación de produción no Sistema II para o mes de Outubro, comenta que están estudando as posibles alternativas para cumprir a demanda.

A este respecto a C.I.G. fai fincapé, que estando abertos a discutir calquera alternativa, esta carga de traballo, debería reverter en creación de emprego, en lugar de máis precariedade.

**Montaxe.-** Despois da exposición feita pola C.I.G. na Comisión Paritaria o pasado día 23/07, hoxe foi denunciado tamén ante a Dirección, o que está ocorrendo **coa modificación da produción e velocidade das cadeas**, onde, ademais de non ser respectado o Art. 27 do Convenio Colectivo que establece **"..que a velocidade das liñas de montaxe non se variará dentro dun mesmo reparto"**, déronse situacións durante estas semana con modificacións da produción, sumándose a interpretación interesada e tantas veces denunciada por este sindicato do Andón, que en nada melloraron as dúas calidades; a do traballador e a do produto.

## Confederación Intersindical Galega

[www.cigcitroen.com](http://www.cigcitroen.com)